

BASES DO III CONCURSO DE RELATOS CURTOS

“Manuel Fabeiro Gómez” CEIP Ramón de Artaza

1.- CONVOCATORIA

O CEIP Ramón de Artaza , a través do Equipo da Biblioteca e do EDLG, convoca o III Concurso escolar de relatos curtos “Manuel Fabeiro Gómez”, co obxectivo de fomentar e incentivar o valor da expresión escrita entre a nosa comunidade educativa.

2.- TEMA

O tema anual traballado durante este curso son **“Os Xogos Olímpicos”** por iso convídase a participar neste concurso, tendo como eixe este tema podendo facer calquera anécdota, experiencia vivida ou imaxinaria que teña relación co tema.

3.- PARTICIPANTES

Poderá participar toda a comunidade educativa do noso centro: alumnado de infantil e primaria, así como, o profesorado e as familias, titores/as legais do alumnado matriculado no centro organizados nas seguintes categorías:

- 1ª Categoría: Alumnado de Infantil
- 2ª categoría: Alumnado de 1º e 2º de Primaria.
- 3ª categoría: Alumnado de 3º e 4º de Primaria.
- 4ª categoría: Alumnado de 5º e 6º de Primaria.
- 5ª categoría: Adultos (profesorado e familiares).

4.- FORMATO DOS TRABALLOS.

O traballo deberá remitirse escrito en lingua galega, deberá ser orixinal e inédito (esto é, non debe ter sido publicado en ningún

medio ou soporte) e non deberá ter recibido previamente ningún premio noutro certame ou concurso.

Os traballos poden presentarse manuscritos ou en formato dixital e o alumnado realizarao durante a xornada lectiva para garantir a súa orixinalidade e autoría, non privando da posibilidade da corrección ortográfica ou orientacións por parte dos mestres/as na aula.

Os textos serán asinados cun pseudónimo o mesmo que irá na parte exterior dun sobre. Dentro do sobre pechado figurarán os datos dos participantes: nome completo e curso, no caso do alumnado; nome completo e DNI, no caso dos adultos.

1ª categoría: Un debuxo relacionado co tema e algunha palabra ou frase en relación ao debuxo. Poderá ser individual ou de grupo.

2ª Categoría: Un relato curto cun mínimo de 60 palabras e máx. de 100 acompañado dunha ilustración. Poderá ser presentado de xeito individual ou de pequeno grupo/parellas.

3ª Categoría: Relato curto con un mínimo de 100 e un máximo de 150 palabras. Individual

4ª Categoría: Entre 150- 200 palabras. Individual

5ª Categoría: Entre 200 ou 300. Individual

5.- PRAZO DE ENTREGA.

O PRAZO DE PRESENTACIÓN FINALIZARÁ O VENRES 17 DE ABRIL DE 2020

Os traballos do alumnado entregaránse aos titores/as que o farán chegar á Xefatura de Estudos e as nais/pais poderán achegar os seus traballos para ser recollidos na conserxería do centro ou envialos directamente polos seus fillos/as.

6.- PREMIOS

Un premio por categoría

Categorías 1ª e 2ª: Diploma e lote de libros e/ou xogos educativos.

Categorías 3ª: Diploma e Vale de 30€ para trocar na librería Gallardo de Muros antes de finalizar o curso escolar.

Categorías 4ª: Diploma e Vale de 30€ para trocar na librería Gallardo de Muros antes de finalizar o curso escolar.

Categorías 5ª: Diploma e Vale de 50€ para trocar na librería Cantariño de Baño (Muros) antes de finalizar o curso escolar.

Os premios entregaranse na nosa escola o día da celebración das Letras Galegas

7.- XURADO.

O xurado estará composto por:

- A directora do centro.
- Tres membros do Equipo de Dinamización de Lingua Galega.
- Tres membros do Equipo da Biblioteca Escolar.